

## BANDO

**D. JOSÉ CELA CAMIÑO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MORAÑA.**

### **FAI SABER:**

Que se convoca un Programa posto en marcha pola Xunta e a asociación Balnearios de Galicia para a reactivación do turismo termal en Galicia que se desenvolverá ata o 28 de novembro.

O programa de outono oferta de 709 prazas en 12 balnearios das catro provincias - 59 prazas por balneario-, para gozar de estadias de 10 días/9 noites en establecementos hoteleiros con tratamentos terapéuticos baixo prescrición médica.

### **Persoas destinatarias:**

Dirixido a pensionistas galegos ou residentes en Galicia.

### **Balnearios participantes**

Os [balnearios](#) que participan na iniciativa por provincia son os seguintes:

- **A Coruña:** o balneario de Carballo e Balneario de Compostela.
- **Lugo:** Balneario de Lugo-Termas Romanas e Iberik Augas Santas Balneario & Golf.
- **Ourense:** os de Arnoia, Laias e Gran Balneario do Carbaliño (con aloxamento no Hotel Derby ou no Hotel Lorenzo).
- **Pontevedra:** os balnearios Acuña (Caldas de Reis), Dávila, Caldelas de Tui, Mondariz e Termas de Cuntis.

### **Solicitudes**

**Venda directa por cada balneario** (consultar dispoñibilidade chamando ao balneario elixido)

### **Prezos:**

- 470 €/persoa para hoteis de 3\* e superior
- 440 €/persoa para hoteis de 2\*
- 355 €/persoa para hoteis de 1\*

O que se fai público para xeral coñecemento.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.**

---

**Concello de Moraña**

Rúa N 1, nº2. Santa Lucía, Moraña. 36660 (Pontevedra). Tfno. 986 553 005. Fax: 986 553442  
N.º de Rexistro de Entidade Locais de Galicia: MU 2000/303 – C.I.F. P-3603200 A

